



Resolución do 20 de decembro de 2019, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproban as listas provisionais para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2019-2020 correspondentes as especialidades do corpo de mestres.

Pola Resolución do 28 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, déuselle publicidade ao texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias (*Diario Oficial de Galicia* n.º 131, do 11 de xullo de 2017). No seu apartado segundo establece a orde de prioridade no nomeamento do profesorado interino e substituto.

Logo de rematadas as fases de oposición e de concurso dos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de ingreso ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de profesores de música e artes escénicas, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, convocados pola Orde do 21 de febreiro de 2019 (DOG do 8 de marzo), procede actualizar as listas de interinidades e substitucións correspondentes ás especialidades convocadas, nos termos que establece a base vixésimo terceira da citada convocatoria.

Con base no que establece o punto segundo do apartado segundo do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995 e a base vixésima terceira da citada Orde do 21 de febreiro de 2019,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar as listas provisionais para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2019-2020 correspondentes ao corpo de mestres convocado pola Orde do 21 de febreiro de 2019 con dereito a incorporación ás correspondentes listas.

Segundo. Aprobar as relacións provisionais de persoas excluídas das listas indicadas no apartado anterior, polas causas que en cada caso se indica.

Terceiro. Ordenar a publicación das listas provisionais e das relacións provisionais de persoas excluídas no portal de Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional www.edu.xunta.gal. Xunto coas listas ordenadas das novas incorporacións publicaranse, para os meros efectos informativos, as listas completas por especialidade.





Cuarto. As persoas participantes nos procedementos selectivos convocados pola Orde do 21 de febreiro de 2019 con dereito a incorporación na correspondente lista poderán formular alegacións ás listas provisionais ante a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal de Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Quinto. Para o caso de que xurda a necesidade de cubrir interinidades ou substitucións con anterioridade á aprobación e publicación das listas definitivas, seguirase a orde de chamamentos establecida na lista provisional.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

